

## REGULAMENTO SAN SILVESTRE “O ROSAL”

**Artigo 1:** O Concello do Rosal organiza a carreira popular San Silvestre “O Rosal”.

**Artigo 2:** A proba celebrarase o 31 de Decembro de 2017; ás 11:00h realizarase a andaina e a continuación terá lugar a carreira non competitiva estimando que nunha hora estará rematada a san silvestre. A saída e meta estarán situadas na Praza do Calvario.


**Artigo 3:** A andaina terá 2.400 metros para os máis pequenos e a carreira non competitiva terá 5.142 metros discorrendo polas seguintes vías:

Percorrido de 5.142metros: Saída dende a Praza do Calvario en dirección Ramón Franco, Rúa do Couso, Rúa Nova do Couso, Rúa Casal, Rúa Jesús Noia, Estrada de Santa Ana, Camiño Gandarela, Estrada Morraceira, Rúa Campo da Feira, Camiño Pampaloas, Estrada a Fornelos Estrada a Loureza, Rúa Fornelos, Julios sexto e chegada á Praza do Calvario.



Percorrido de 5.142m

Percorrido de 2.400 Metros: Praza do Calvario, Ramón Franco, Rúa de Couso, Travesía de Couso, Rúa Nova de Couso, Rúa Casal, Rúa Jesús Noya, Praza do Calvario, Rúa Simón Mazo, Rúa Campo da Feira, Rúa Julio Sesto, Camiño Cruz de Ferro, Camiño Barbuntín, Rúa Callejón, Rúa do couso, Praza do Calvario.



Percorrido de 2.400m

**Artigo 4:** A proba será controlada por persoal da organización e voluntarios. En toda cuestión ou dúbida que non estea contemplada neste regulamento aplicarase o criterio da organización.

**Artigo 5:** Categorías.

A proba rexeráse por categorías unicamente para poder optar ós sorteos dos premios pero non para a carreira:

Non existen premios ós participantes que acaden en primeiro lugar a meta, senón que se premiará á participación seguindo as seguintes categorías para efectuar o sorteo dos premios.

Categoría Infantil : de 0 a 14 anos

- De 0 a 5 anos (non participan no sorteo)
- De 6 a 10 anos
- De 11 a 14 anos

Categoría Xuvenil – Adulto:

- De 15 a 20
- De 21 en diante.

**Artigo 6:** O prazo de inscrición será ata o 28 de decembro, e realizarase no Concello do Rosal. No momento de realizar a inscrición aboarase a cota.

**Artigo 7:** A cota de inscrición é de 2€ para tódolos participantes.

**Artigo 8:** Os dorsais entregaranse no momento de efectuar a inscrición.

Os dorsais deben ser colocados no peito sendo visibles en todo momento, podendo perder o dereito a participar no sorteo dos premios os corredores que non cumpran devandito requisito.

Non se permite a participación de corredores sen dorsal.

**Artigo 9:** Premios.

Diferentes comercios do Rosal colaborarán coa carreira doando produtos, vales-regalo ou servizos dos seus comercios para sortear entre tódolos participantes da San Silvestre.

**Para optar ó sorteo o participante deberá estar presente durante o mesmo.** Este realizarase ao finalizar a carreira na zona destinada ao efecto pola organización. **Se o participante co número premiado non se atopa presente no sorteo procederase a sortear novamente o produto, vales-regalo ou servizo.**

**Artigo 10:** Haberá un seguro de responsabilidade civil e de accidentes que ampara a todos os participantes e á organización.

**Artigo 11:** A organización resérvase o dereito a realizar as modificacións que considere necesarias en función dos diferentes condicionantes, así como a suspensión de proba se as condicións meteorolóxicas ou outras forzas de causa maior así o aconsellan, pospoñéndose neste caso para outra data.

**Artigo 12:** A organización declina toda responsabilidade dos danos físicos ou morais, prexuízos ou lesións que os corredores sen dorsal ou sen inscrición confirmada poidan ocasionar a eles mesmos, a terceiras persoas ou a elementos materiais.

Calquera incidente motivado ou sufrido por persoas alleas á competición e intrusas na carreira non será amparado polo seguro subscrito pola organización, recaendo a responsabilidade sobre o corredor que as introduza en carreira, de ser o caso.

**Artigo 13:** Todos os participantes aceptan o presente regulamento. A organización resérvase o dereito a efectuar calquera modificación nas condicións indicadas.

**CONCELLO DO ROSAL**